



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE FERROL PARA A REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN TORRENTE BALLESTER.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ferrol para a exposición "GONZALO TORRENTE BALLESTER, LA TRAVESÍA DE UN CREADOR (EN EL VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DE SU FALLECIMIENTO)"*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Neste ano 2024, pola circunstancia de cumprirse un cuarto de século do falecemento de Torrente Ballester, o Concello de Ferrol adicoulle unha homenaxe especial a súa memoria organizando diversos actos culturais que teñen que ver coa súa obra; a través dunha programación específica ao longo de todo o ano 2024, e que estivo constituída por actos que -dende a súa distinta natureza- mantivesen vivo o seu recordo. O Concello de Ferrol quere lembrar a "un home realmente importante dentro da cultura galega e española". Poñer en valor o papel decisivo que tivo na cultura galega este persoeiro. "O seu é un dos legados máis abraiantes, creativos, prolíficos e innovadores da nosa literatura"; "Torrente Ballester atopou en Ferrol, a súa terra, o imaxinario e a retranca coa que enchería páxinas enteiras da súa obra, ademais dunha mitoloxía que se encargou de divulgar e popularizar entre o gran público".*

*O Concello de Ferrol vai programar a celebración da exposición conmemorativa "GONZALO TORRENTE BALLESTER, LA TRAVESÍA DE UN CREADOR (EN EL VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DE SU FALLECIMIENTO)" no Centro Cultural Torrente Ballester como continuación e colofón á programación das actividades levadas a cabo no ano 2024, denominado "Ano Torrente Ballester".*





*Por todo o anterior, o concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

